




SE PENSAS COMPARTIR A TÚA VIDA CUN ANIMAL DE COMPAÑÍA, *constrúe o fogar que necesita*

Revisa estes puntos para que *a tenencia do teu gato sexa responsable*




A esperanza de vida oscila entre 12 e 18 anos. Teno sempre presente xa que o **compromiso é para toda a vida do animal**.

Adoitan preferir estar **en lugares altos**, con boa vista dos arredores xa que lles achega unha sensación de maior control. Isto pode supoñer un perigo no teu fogar, por iso deberás instalar **elementos de protección**, como redes, en xanelas terrazas e balcóns para evitar que se precipiten ao baleiro.



Faite cun **rascador-torre**, resultan indispensables para os gatos, xa que lles permiten rascar, serven como plataforma elevadora e é un gran centro de xogos.



Procura dispoñer de dous ou máis **caixas de area** por cada gato, ben separadas en distintos puntos da casa. Desta maneira, o gato terá máis dun lugar onde facer as súas necesidades.



Os gatos poden **estimularse mutuamente** de maneira moi completa, por iso adóitase recomendar que se críen en parella dende pequenos.



Se vas viaxar, é importante que saibas que **os gatos prefiren quedar na súa casa** e que alguén os coide.

